



# BOP

MÉRCORES, 1 DE SETEMBRO DE 2021

N.º 201

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

PALAS DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232 - O BURGO - PALAS DE REI (N-547)" P.K 21+370 A 25+000 (EX0130B21AB)- EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000056

O PÁRAMO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-4304 "POBRA DE SAN XIAO (LU-546)- PÁRAMO (LU-P-2904)", P.K. 5+200 A 5+435 E TRAMO ANTIGUO DA LU-P-2904 "CONTURIZ (N-VI) - PARAMO (LU-P-4304)" (1.164M) (EX0140B21AB) - EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000058

O PÁRAMO.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DAS ESTRADAS PROVINCIAIS LU-P-4203 "PACIOS (LU-633ª) - TREBOLLE (LU-P-4302)", P.K. 8+020 A 14+088; LU-P-4305 "LU-P-4304 - MOSCÁN", P.K. 0+000 A 1+426 E LU-P-4306 "LU-P-2904 SANTO ANDRÉ DA RIBEIRA", P.K. 0+000 A 5+677 (EX0150B21AB) - EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000059

RIBADEO.- REHABILITACIÓN DE FIRME E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS LU-P-5207 "RIBADEO-VILELA (LU-133)", P.K. 0+500 A 1+129 (EX0160B21AB) - EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000060

LUGO.- REPARACIÓN DE FACHADAS PAZO PROVINCIAL (EX0170B21AB) - EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000063

PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-1301 "SEOANE DO COUREL (LU-651) - HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA - VILELA", P.K. 8+670 A 10+700 (EX0180B21AB) - EXPTE GTM: 2021/CON\_02/000064

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LUGO, 27 de agosto de 2021. PRESIDENTE, por decreto de data 05/08/2021, A Deputada Provincial: M<sup>a</sup> del Pilar García Porto. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2558

### SERVIZO DE EXPROPIACIÓN E CONTROL DE PROXECTOS

##### Anuncio

**Na sesión do 2 de xullo de 2021 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, acordouse o inicio do expediente expropiatorio, que se tramitará pola vía de urxencia, conforme o artigo 22.5 da Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras do proxecto denominado FOZ.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-0210 "A SEARA (LU-160)-SAN ACISCLO (LU-152A)", DO PK 5,100 AO 5,236, aos efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.**

En cumprimento e execución do citado acordo, anúnciase o levantamento de Actas Previas á ocupación, a que se refire o apartado 2º do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, que terá lugar o día 20 de outubro do 2021 ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Foz, sen prexuízo de que o equipo técnico-administrativo se traslade, se é

necesario, ao lugar no que se atopen situados os bens obxecto de expropiación e para cuxos actos cítase aos propietarios, aos demais afectados e a cantas persoas ou entidades poidan ostentar dereitos sobre tales bens.

As Actas levantaránse aínda no suposto de que non concorran os propietarios e demais interesados ou quen debidamente lles representen.

A tales efectos poderán concorrer persoalmente ou debidamente representados, acreditando a súa personalidade e podendo facerse acompañar á súa costa de Perito e Notario, debendo aportar a documentación precisa respecto á titularidade dos dereitos que aleguen (títulos rexistrados, cédulas de propiedade, etc.).

En aplicación do disposto no artigo 56.2 do Regulamento para a aplicación da Lei de Expropiación Forzosa, os interesados poderán formular escrito dirixido ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con cantas alegacións estimen pertinentes ata o levantamento das Actas Previas e só aos efectos de emendar os posibles erros que se puidesen padecer ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

A relación dos bens e dereitos afectados é a que segue:

Nº no plano	Referencia catastral	Propietario	Tipo de solo	Sup. a expropiar (m <sup>2</sup> )	Outros bens afectados
1	27019A027000740000TP	María Dolores Canoura Fernández	Núcleo rural común	36	
2	27019A027000750000TL	Herdeiros de Eladio Pernas Fernández	Núcleo rural común	38	
3	27019A027000760000TT	Herdeiros de Ramón Fernández Mariña	Núcleo rural común	11	
4	27019A027001300000TW	Herdeiros de Eladio Pernas Fernández	Núcleo rural común	205	5 m de muro de mampostería de 1,30 m de altura; 1 ud de árbore froiteira; 55 m de peche vexetal
5	27019A027000780000TM	Fermín Río Cela	Núcleo rural común	13	
6-A	001202900PJ32C0002QU	Juan José Goás Sánchez	Núcleo rural histórico tradicional	1	
6-B	001202900PJ32C0003WI	Antonio López Suárez e María Celina López López	Núcleo rural histórico tradicional	34	
7	27019A027001210001YK	Herdeiros de Serapio Vázquez Teijeiro	Núcleo rural histórico tradicional	500	

Lugo, 24 de agosto do 2021.- O PRESIDENTE, Pilar García Porto. A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínéz.

R. 2559

## CONCELLOS

### COSPEITO

#### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021 E O PADRÓN COMPLEMENTARIO DO 1º TRIMESTRE 2021 DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente mediante Resolución do 19/05/2021 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Segundo trimestre de 2021 e o Padrón complementario de recollida de lixo do 1º trimestre 2021 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

*“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 2º trimestre de 2021 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.*

*Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 27/09/1989, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.*

*Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 4 de novembro de 2015, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 300/2015 do 31/12, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.*

*Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.*

*Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.*

*Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.*

*Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.*

*Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 2º período trimestral do 2021, contendo as variacións anteriores.*

*De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,*

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 75.786,80€ (IVE incluído) correspondente ao 2º trimestre de 2021 e o padrón complementario do lixo correspondente ao 1º trimestre de 2021 cunha cota total de 4.935,01€ e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
2º T 2021	30.523,23	29.368,65	482,55	12.356,16	3.056,21	75.786,80

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2021		4.935,01				4.935,01

**SEGUNDO.** *Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2021:*

Padrón	Período voluntario de cobro
2º Trimestre 2021	Do 27/07/2021 ao 29/09/2021

**TERCEIRO.** *Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.*

**CUARTO.** *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986,*

de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

”

(...).”

### **CANON DE AUGA**

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

### **RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

### **FORMA DE PAGAMENTO**

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.
2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.
3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 26 de agosto de 2021.- Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2560

---

### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 28 de xullo de 2021, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

**1.I. Altas en Aplicacións de Gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	60900	Abastecemento domiciliario de auga potable.- Outras inversións	10.000,00	9.000,00	19.000,00
231	62500	Acción Social.- Inversións en mobiliario y enseres	1.500,00	30.500,00	32.000,00
453	21000	Carreteras.- Infraestructuras y bienes naturales	25.000,00	12.500,00	37.500,00
453	61900	Carreteras.-Inversións de reposición	378.900,43	8.000,00	386.900,43
		TOTAL	415.400,43	60.000,00	475.400,43

**1.II. FINANCIAMENTO**

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	12005	Abastecemento de auga.- Soldos do Grupo E	16.816,24	9.000,00	7.816,24
231	46700	Acción Social.- A Consorcios	28.000,00	23.000,00	5.000,00
312	13000	Sanidad.- Retribucións Básicas	13.300,00	6.650,00	6.650,00
312	16000	Sanidad.- Seguridad Social	3.576,78	1.850,00	1.726,78
334	13000	Cultura.- Retribucións Básicas	15.884,24	4.000,00	11.884,24
920	12004	Administración Xeral.- Soldos do Grupo C2	18.349,12	7.500,00	10.849,12
920	12100	Administración Xeral.- Complemento de destino	39.447,94	5.000,00	34.447,94
920	12101	Administración Xeral.- Complemento específico	63.704,68	3.000,00	60.704,68
		TOTAL	199.079,0	60.000,00	139.079,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 30 de agosto de 2021.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño

R. 2571

**O INCIO***Anuncio*

Iniciado expediente de investigación por Decreto de Alcaldía-Presidencia n.º 232/2021, de data 19/07/2021, para investigar a titularidade do camiño cuxos datos identificativos catastrais se detallan a continuación, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación no presente anuncio no Boletín Oficial do Estado.

- camiño en perpendicular dende a estrada autonómica LU-642 que figura en Catastro coa referencia catastral 27024A055090050000DM e que discorre paralelo a varias parcelas 445 e 446 do polígono 55, ata rematar un pouco por enriba do límite da parcela 446, é dicir, uns metros cara o Norte da parcela 23, polígono 55.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Transcurrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen convinte ao seu dereito, acompañando todos os documentos no que funden as súas alegacións (art. 50 do RD 1372/1986 do 13 de xuño).

O INCIO, 27 de agosto de 2021.- O ALCALDE, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2561

---

## MURAS

### *Anuncio*

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2021 mediante crédito extraordinario/suplemento de crédito

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de agosto de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería por importe de por un importe de 181.694,04€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 26 de agosto de 2021.- Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2562

---

### *Anuncio*

Aprobación inicial da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Muras

O Concello en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de agosto de 2021, aprobou inicialmente a relación de postos de traballo do Concello de Muras, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia. Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo nas dependencias municipais e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra da relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, consideraranse que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Muras, 26 de agosto de 2021.- Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2563

## OUROL

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Ouro, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e un, aprobou as Bases reguladoras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar para alumnado matriculado en Segundo Ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial, para o Curso 2021/2022, que son as que seguen:

#### **“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNADO MATRICULADO EN SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EDUCACIÓN ESPECIAL, PARA O CURSO 2021/2022**

##### **1. OBXECTO:**

O obxecto de dita convocatoria é o de regular a concesión de axudas económicas para a adquisición de material escolar para o alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, co fin de garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación para as familias en condicións socio-económicas máis desfavorecidas, a través da asignación dunha axuda económica para sufragar aqueles gastos ocasionados pola compra de libros de texto, cadernos ou material escolar que non estean subvencionados por outra administración pública.

##### **2. REQUISITOS:**

###### **a. Requisitos xerais:**

As axudas deberán ser solicitadas por quen ou quenes teñan a patria potestade, tutela ou curatela do alumnado.

- Que todos os membros da unidade familiar se encontren empadroados no Concello de Ouro na data da solicitude, cunha antigüidade mínima de tres meses.
- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/2022.
- Que ningún membro da unidade familiar teña débedas pendentes co Concello de Ouro.

###### **b. Requisitos económicos:**

Que a renda per cápita anual da unidade familiar non supere os 9.000 euros.

1.- A efectos desta convocatoria considéranse membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3.- Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

4.- En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020.

5.- O alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65% será beneficiario destas axudas con independencia da renda.

##### **3. DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:**

Para os efectos desta convocatoria, a renda per cápita da unidade familiar será o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

#### 4. CRITERIOS DE Puntuación:

##### 4.1. Por nivel de renda:

- a. Solicitantes con renda per cápita de ata 4000 €/ano: 15 puntos
- b. Solicitantes con renda per cápita entre 4.001 e 6000 €/ano: 12 puntos
- c. Solicitantes con renda per cápita entre 6.001 e 9.000 €/ano: 9 puntos

##### 4.2. Por circunstancias socio persoais:

- a. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros se atope en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou grande invalidez ou estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada en grao igual ou superior ó 65%: 2 puntos por cada membro que acredite esta situación.
- b. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada de entre o 33% e o 64%: 1 punto por cada membro que acredite esta situación.
- c. Por pertencer a familias monoparentais (esta situación deberá acreditarse mediante o certificado expedido pola Xunta de Galicia acreditativo da condición de familia monoparental): 1 punto
- d. Por ter a condición de familia numerosa: 1 punto
- e. Por situación de violencia de xénero: 2 puntos

Cada solicitante obterá unha puntuación en función dos criterios anteriormente descritos. O valor de cada punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Total do presuposto / Total de puntos obtidos por tódolos solicitantes

A cantidade a conceder obterase do resultado de multiplicar o valor do punto polo número total de puntos obtidos por cada solicitante.

En ningún caso a contía da axuda económica poderá superar os 100 € por alumno/a para o/a que se solicita a axuda.

#### 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### 6. DOCUMENTACIÓN:

- a. Solicitud debidamente cumplimentada que estará a disposición d@s solicitantes no Departamento Municipal de Servizos Sociais e na Sede Electrónica do Concello de Oourol. A solicitud será única para todos/as os/as fillos/as e nela especificarase o nivel de estudos que vai a realizar cada un/unha. Cada un/unha deles/delas recibirá a contía que lle corresponda segundo os criterios establecidos nestas bases.
- b. Fotocopia do DNI d@ solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia obrigad@s a obtelo.
- c. Fotocopia do libro de familia.
- d. Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2020 ou certificado de imputacións do IRPF relativo a tódolos membros computables da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- e. Documentos acreditativos das circunstancias socio-persoais alegadas. (Certificado acreditativo de atoparse en situación de desemprego, Certificado de discapacidade ou de ter recoñecida unha incapacidade permanente, Certificado acreditativo da condición de familia monoparental, Título de familia numerosa e documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, segundo o caso)
- f. Certificado de número de conta bancaria onde se efectuará o ingreso no caso de ser beneficiari@ da axuda.
- g. Documento acreditativo de atoparse matriculado/a en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial para o curso 2021/2022.

A persoa solicitante terá dereito a non presentar aqueles documentos que xa obren en poder desta entidade local, segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## 7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

O Departamento de Servizos Sociais revisará as solicitudes e os documentos requeridos verificando que están completas. Nos casos en que falte documentación requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días subsane as deficiencias. De non presentar a documentación requerida no prazo indicado, a solicitude será arquivada.

As solicitudes completas serán elevadas á Xunta de Goberno Local para a súa resolución que será notificada @ solicitante.

## 8. XUSTIFICACIÓN:

A persoa solicitante deberá xustificar a aplicación da axuda recibida mediante a presentación da factura correspondente, no prazo de 10 días como máximo dende a recepción da notificación de concesión.

## 9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- a. Realizar o gasto obxecto da subvención.
- b. Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes dos gastos realizados.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

## 10. RÉXIME XURÍDICO:

A concesión destas axudas axustarase ás normas contidas nesta convocatoria, á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á normativa de réxime local que lles puidese afectar.

## 11. PREVISIÓN ORZAMENTARIA:

- a. Axuda que se prevé destinar na presente convocatoria: 1000 €, contía que poderá verse modificada en función do número de solicitudes presentadas co fin de adecuar as subvencións concedidas ó gasto real e ó establecido no último párrafo do artigo 4.
- b. Partida orzamentaria: 323.480 do estado de gastos do orzamento municipal de 2021.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei xeral de Subvencións.

Ouro, vinte e tres de agosto de 2021.- O Alcalde, Asdo.- José Luís Pajón Camba"

Ouro, vinte e seis de agosto de dous mil vinte e un.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2564

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

## INFORMACIÓN PÚBLICA

**A/27/36458**

Gerardo Méndez Sindin, con D.N.I.\*\*\*8417\*\*, solicita autorización para efectuar talas y posterior plantación dentro de la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego Bieitas

MARGEN / RIBERA: izquierda

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 40 sauce, 90 robles y 10 eucaliptos

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A PLANTAR: 90 robles y 90 pinos

LUGAR: Parcelas 180, 181, 182 y 184 del polígono 133

PARROQUIA: Xián (Santa María)

**TÉRMINO MUNICIPAL:** Taboada

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email [registro.lugo@chminosil.es](mailto:registro.lugo@chminosil.es)

Lugo, 26 de agosto de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2565

---

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01305**

PETICIONARIO: DECORGA, S.L.U.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Millara

LOCALIDAD: A Millara Vilar de Ortelle (Santiago)

TÉR.M. MUNICIPAL: Pantón

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Millara" - "DECORGA, S.L.U.", con un volumen máximo anual de 90,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo de infiltración.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 27 de agosto de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2566

---

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01407**

PETICIONARIO: Manuel Espín Fernández

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Cancelo

LOCALIDAD: Cancelo Cancelo (San Cristovo)

TÉR.M. MUNICIPAL: Triacastela

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Tras da Pena do Muíño Vello/Valdescuro de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Cancelo" - "Manuel Espín Fernández", con un volumen máximo anual de 186,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 16 de agosto de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2567

---

#### FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP N.º 200 do día 31 de AGOSTO de 2021, na páxina 1, en relación anuncio: "BASES PARA SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO E BOLSA DE TRABALLO"

**Onde di:**

FOZ

**Debe dicir:**

ALFOZ